



Suxestión dirixida a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que asegure os recursos necesarios para garantir a equidade e a inclusión, considerando tanto os recursos de tipo material como os de tipo profesional na escolarización do alumno nun novo instituto para cursar bacharelato, tendo en conta que segue necesitando os apoios especializados que o EOE veu sinalando ao longo da súa escolarización obrigatoria, dado o carácter permanente das súas necesidades educativas

Expediente: D.3.Q/3731/22

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxxxx en relación coa falta de apoio de profesorado especialista para o seu fillo xxx nos estudos de bacharelato que iniciará o próximo ano.

#### ANTECEDENTES

xxx é un alumno de nacemento prematuro e con parálise cerebral infantil da que resultou unha tetraparesia espástica. xxx estivo matriculado en 4º da ESO no instituto xxx. En 2018, o equipo de orientación específico realizou un informe e ditaminou que se trataba dun alumno con necesidades educativas especiais que requiría o apoio dun/unha PT preferente. Este apoio especializado foi concedido e contou con el durante 2 anos. Ao non renovar a solicitude a PT, e sendo coñecedores desta situación tanto o centro educativo como a inspección, xxx non tivo este apoio no curso actual.

xxx expresou con claridade a súa decisión de estudar bacharelato noutro instituto, o IES de xxx, no que está escolarizado o seu irmán. A familia solicitou o 24 de marzo que o centro tramitase a petición de profesorado especialista en tempo e forma, antes da celebración da mesa sectorial. Volveron solicitalo o 21 de abril e a resposta do centro foi que enviaran un correo ao inspector o 28 de marzo e que non se lles contestou.

Puxéronse en contacto co EOE, onde se lles indicou que solicitasen ao centro a intervención do EOE por escrito. Así o fixeron o 28 de abril. O 31 de maio aínda non se recibira no instituto a autorización para a intervención do EOE.

A persoa que promove este expediente enviou unha solicitude á Consellería de Educación pola sede electrónica da Xunta pero non tivo contestación.

Admitida a trámite a queixa e solicitado o informe da Administración, foi rexistrado nesta institución, manifestando, en síntese, o seguinte:

O 04/04/2022 a orientadora do IES Plurilingüe xxx enviou á persoa que promove esta queixa un correo no que lle requiría a súa autorización para solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico (EOE), na especialidade de orientación vocacional e profesional, para o seu fillo xxx, indicándolle que “Parécenos importante, de cara a emitir un consello orientador, coñecer as distintas opcións académicas”.

Ese mesmo día, a nai do alumno contestou a ese correo do centro denegando dita autorización e indicando: *“Tendo o meu fillo moi clara a súa elección de realizar o bacharelato ao finalizar a ESO non vemos oportuno que se faga unha intervención con xxx, unha intervención que non recibe o resto de alumnado e que consideramos non necesaria”*.

Posteriormente, o 28/04/2022 a nai do alumno solicitou ao centro a intervención do EOE que anteriormente non autorizara.

O informe destaca que a prioridade nas actuacións do EOE vén establecida polo propio equipo en función das demandas de actuación recibidas e os prazos dos trámites nos que os seus informes sexan relevantes. Así, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades entende que a intervención solicitada foi atendida polo EOE o 16/06/2022 e estase elaborando o correspondente informe de cara ao próximo curso.

A dotación dun recurso humano para un centro solicítase no mes de xullo polo que se contará co informe do EOE con tempo suficiente para valorar as necesidades de recursos humanos que precise o novo centro no que sexa matriculado o alumno.

Trasladado este informe á interesada, comunícanos esencialmente o seguinte:

Cando a nai opúxose á intervención proposta pola orientadora o día 04/04/2022, en función do que se explicou nunha conversa telefónica previa, o único obxectivo desa intervención era emitir un consello orientador sobre as opcións académicas de xxx. Este novo informe do EOE do 16/06/2022 vai na mesma liña: suxerir a xxx que abandone a idea de estudar bacharelato

e que elixa un ciclo formativo de grao medio en función de certos intereses. Con todo, nada se di no informe sobre a concreta petición da familia: unha nova valoración dos apoios especializados que precisaría xxx para acometer con éxito os seus estudos de bacharelato, que expresou reiteradamente a súa vontade de cursar.

O propósito da familia ao solicitar unha nova intervención do EOE non era disuadir a xxx de estudar bacharelato senón actualizar os informes psicopedagóxicos de 2014 e de 2018 nos que se insiste en que necesita APOIO INTENSO DE PROFESORADO PT, por ter necesidades educativas especiais permanentes asociadas á súa discapacidade.

A interesada manifesta o seu desacordo coa actuación tanto a orientadora como do inspector cando informan que foi a negativa da nai á intervención do EOE en abril o que atrasou os trámites. Segundo o procedemento previsto no punto 2 do artigo 242 da Orde do 24 de xullo de 1998, desde a inspección deberíase autorizar esta intervención, pero desde o 28 de marzo, en que o IES xxx solicitou a intervención, non se puxeron en contacto coa familia ata o 22 de abril. Nin en 2014 nin en 2018 foi requirida a autorización da familia para que o EOE realizase a súa intervención co propósito de determinar as necesidades de atención educativa de xxx. A interesada adxunta copia do correo remitido naqueles momentos pola orientadora:

*“Como vai todo? Polo que me contan os profes de xxx , os resultados son satisfactorios.*

*Outra cuestión: todos os anos por estas datas, máis ou menos, sae publicado un concurso de méritos para profesores de atención preferente, para alumnos con NEAE. O procedemento é o seguinte: os centros teñen que cursar a solicitude e para iso ten que ir apoiado polo departamento de orientación e o equipo de orientación específico (EOE). Hai unhas semanas fixen a solicitude do EOE e hoxe chamoume XXXX, para dicirme que mañá sobre as 12:30 estaría connosco. Non é necesario que veñas pero quería que o soubeses. O obxectivo é conseguir unha PT máis, de atención preferente para xxx, con continuidade no centro, mentres estea escolarizado no Instituto.”*

No informe remitido por esa consellería sinalase que “a prioridade nas actuacións do EOE vén establecida polo propio equipo en función das demandas de actuación recibidas e os prazos dos trámites nos que os seus informes sexan relevantes...”. Non queda claro o tipo de intervención que figuraba na solicitude (no formulario de solicitude débese marcar que solicita o centro). A nai indica que, por indicación do coordinador do EOE, solicitou por escrito claramente a valoración de apoios educativos. Está claramente diferenciada a intervención para solicitar recursos e materiais para responder as necesidades educativas especiais da intervención para orientación vocacional ou calquera outro asesoramento ou apoio ao departamento de orientación.

A interesada comunica que a primeira semana de xullo ambos os centros tiñan o informe do EOE. Preguntou no instituto ao que acudirá xxx o próximo curso polos apoios previstos e a resposta foi que xxx non terá PT preferente, que será atendido polo profesorado con dispoñibilidade horaria. O luns recolleu o informe do EOE no que non se menciona nin un só dos recursos que necesitaría xxx o próximo curso.

A interesada expresa o seu desacordo por non ser recibida polo inspector do novo centro, o IES de xxx, tras tres peticións de reunión; tampouco o IES xxx facilitou a documentación ao IES de destino, documentación que tivo que facilitar a interesada.

## ANALISE

O informe emitido polo EOE o 20 de xuño de 2022, asinado pola especialista en discapacidades sensoriais e o especialista en orientación vocacional e profesional contén un apartado de síntese descritiva:

“Alumno con necesidades educativas especiais que afectan de forma significativa aos procesos de aprendizaxe escolar. Ten recoñecido un grao oficial de discapacidade do 81 %. Neste curso escolar 2021-2022 finaliza a etapa de ESO, no IES Plurilingüe xxx, obtendo o título de Graduado en ESO. Ao longo da súa traxectoria escolar recibiu diversas medidas educativas e de atención á diversidade tales como reforzo educativo, adaptacións de acceso ao currículo, repetición de 4º de Educación Primaria, apoio específico por parte do profesorado de PT/Ao do centro e adaptacións curriculares desde a etapa de Educación Primaria.

Na entrevista mantida co alumno móstrase comunicativo e participativo. Manifesta intereses relacionados coa bioloxía, a historia, a fotografía e as artes plásticas, e non lle gustan as matemáticas nin o inglés. O próximo curso escolar di que pensou estudar Bacharelato no IES xxx no que está a estudar tamén o seu irmán.

Na intervención realizada ofreceuse tanto ao alumno como á súa nai información sobre as diversas posibilidades e opcións académico-formativas ao final da ESO, centrándonos, dentro do sistema educativo regrado, en Bacharelato ou Formación Profesional. En cada un dos itinerarios valoráronse as súas vantaxes e inconvenientes, a motivación e dificultades previsibles, así como as medidas educativas e de atención á diversidade que se poderían levar a cabo en cada un deles.

-Orientación e proposta

Como conclusión da análise realizada, e sen prexuízo de que segundo o proceso seguido polo alumno pódanse levar a cabo outras alternativas, na nosa opinión, na orientación académica ofrecida para o próximo curso escolar 2022-2023, a opción máis aconsellable é orientalo cara a un ciclo formativo de formación profesional de grao medio o máis relacionado posible cos seus intereses e aptitudes. Neste sentido, unha vez analizada a oferta de ciclos formativos existente na zona, propóñense como posible opción o ciclo formativo de grao medio de Preimpresión dixital (impártese no IES xxx, A Coruña). Esta proposta é ben recibida inicialmente polo alumno. Queda a familia pendente de realizar co seu fillo unha

visita presencial ao devandito centro. En correo electrónico enviado posteriormente ao Equipo, o mesmo día da intervención, reafirman a súa decisión de que xxx curse Bacharelato o próximo ano académico”.

O informe non recolle as medidas de atención á diversidade que se deberían adoptar neste caso. Parece trasladarse a idea de que estudar bacharelato é unha decisión da familia cando xxx expresou desde hai meses esta intención.

Neste caso, unha lectura da exposición de motivos da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, leva a concluír o dereito de xxx a recibir nesta etapa post-obrigatoria os apoios que veu recibindo para facer real e efectivo o seu dereito á inclusión educativa: *“Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos adáptense ao que cada alumna e cada alumno necesiten. E para que iso sexa así, a Administración educativa, o profesorado, as familias e o conxunto da sociedade teñen que promover as actuacións que permitan coñecer e comprender como pensa cada unha das alumnas e dos alumnos, como atende, como procesa os estímulos que recibe, como manifesta os seus sentimentos, como interactúa coas demais persoas, cales son os seus intereses, cal é o seu nivel de desenvolvemento, etc. Como se recolle na exposición de motivos da citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a responsabilidade do éxito escolar do alumnado recae no seu esforzo persoal, no das familias, no do profesorado, no dos centros docentes, no das administracións educativas e, en última instancia, na implicación do conxunto da sociedade”*.

Concretando os principios xerais que inspiran este dereito, o artigo 25 prescribe:

De conformidade co artigo 15 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a escolarización do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos en que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de educación, atenderá á liberdade de elección de centro, aos principios de normalización e inclusión, ás circunstancias persoais de cada alumna e alumno, aos recursos existentes, aos informes e ditames dos servizos de orientación e á flexibilidade e reversibilidade, na procura dun ensino de calidade e do desenvolvemento persoal e social do alumnado. De acordo con devanditos principios, priorizarase a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros ordinarios fronte ás unidades ou aos centros de educación especial.

2. Os centros docentes ordinarios constitúen o referente básico a efectos da escolarización, polo que se garantirá a accesibilidade de todo o alumnado escolarizado neles.

3. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade garantirá a permanencia do alumnado no sistema educativo nas etapas de ensino obrigatorio e promoverá a súa escolarización nas etapas non obrigatorias.

O artigo 40 indica:

Coordinación na transición entre etapas, ensinos e/ou centros docentes

Os procesos de coordinación, cando o alumnado deba cambiar de centro docente, de ensinos e mesmo de etapa educativa, son factores que contribúen á equidade e á calidade educativa, por incidir na prevención das dificultades na aprendizaxe e no pronto axuste da intervención docente, e por ofrecer, tanto ao alumnado como ás familias, información sobre os novos ensinos, sobre os servizos cos que conta o centro e sobre a estrutura organizativa, aspectos todos que xeran tranquilidade e seguridade nas persoas afectadas pola transición e/ou polo cambio. En consecuencia, para garantir unha transición harmónica entre etapas, ensinos e/ou centros docentes, deberanse planificar e desenvolver as seguintes actuacións:

a) Por parte do centro docente de procedencia do alumnado:

1º. Ofrecer información ao alumnado e ás súas nais, aos seus pais ou ás persoas titoras legais sobre os aspectos xerais da nova etapa, dos ensinos e, no seu caso, do centro docente. Esta información debe trasladala o profesorado titor, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

2º. Trasladar aos centros de destino non soamente a información que prescribe a normativa que regula a avaliación nos distintos ensinos, senón tamén información cualitativa, no seu caso, sobre as necesidades específicas de apoio educativo de determinado alumnado, sobre as medidas educativas que se lle prestaron e sobre os recursos que necesitou.

3º. Os centros docentes establecerán, nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia, a información cualitativa que debe trasladarse, as persoas responsables de elaborala e a forma de dar traslado ao centro docente de destino no que o alumnado vaia a continuar a súa formación.

O artigo 79 establece que os centros docentes contarán coas persoas profesionais especializadas que necesiten para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan. A proposta de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe realizarase segundo dispónse no artigo 57 desta orde.

De acordo con esta norma, a intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A norma establece que este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria. Esta atención prioritaria non exclúe, en ningún caso, a previsión da súa intervención e apoio ao alumnado de bacharelato. En concreto,

-colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

-prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo 57, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá á do profesorado titor nin á do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

No caso obxecto deste expediente, debe terse en conta que ao longo de toda a escolarización de xxx o EOE concluíu que necesitaba apoio intenso de profesorado especialista de PT e algunhas sesións de apoio de profesorado especialista da AL.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinados establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática.

A normativa reguladora da atención á diversidade expresa con rotundidade que se facilitará o desenvolvemento persoal e social do alumnado e promoverase o seu acceso ao currículo en condicións de igualdade, nunha escola inclusiva, na que conviven, desenvólvense e enriquecen alumnas e alumnos diferentes.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata o de agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte suxestión:

Para lograr a inclusión efectiva do alumno, con independencia da súa diversidade, debe asegurarse que no novo centro o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para o desenvolvemento das súas competencias, nos termos establecidos pola normativa aplicable. A tal fin, deberán asegurarse os recursos necesarios para garantir a equidade e a inclusión, considerando tanto os recursos de tipo

material como os de tipo profesional na escolarización do alumno no novo instituto para cursar bacharelato, tendo en conta que segue necesitando os apoios especializados que o EOE veu sinalando ao longo da súa escolarización obrigatoria, dado o carácter permanente das súas necesidades educativas. En particular, concretando o horario de apoio de profesorado especialista de PT e, de acordo con o que se determine no informe do departamento de orientación, sesións de apoio de profesorado especialista da AL se proceden.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e lémbrolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se formulou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo